

Recomendación dirixida ao Concello de Ponteareas para que polo concello se resolva o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 220 de novembro de 2010

Expediente: B.9.Q/18879/18

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2018

Sr. alcalde:

Con data 26 de outubro de 2018 (nº rex. Saída 13461/18) lle remitimos escrito solicitando información sobre o problema que expoñía Dona [REDACTED] - en relación ás denuncias presentadas no concello desde o ano 2009 polas obras realizadas por Don [REDACTED] -.

Con data 11 de decembro (nº de rex. entrada 25077/18) recibimos a súa resposta á nosa petición de información.

Na resposta indícanos que:

- 1.- Que con motivo da denuncia presentada pola Sra. [REDACTED] con data 1 de xuño de 2009, virouse visita o 3 de xullo de 2007 para comprobar o estado das obras denunciadas.
- 2.- O 19 de maio de 2010 a Xunta de Goberno Local incoa expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador.
- 3.- Se lle comunica ao sr. [REDACTED], con data 5 de agosto de 2010, a proposta da asesoría xurídica na que se establece:
 - a.- Ordenar a demolición das obras non legalizables no prazo dun mes.
 - b.- Ordenar que se proceda a presentar proxecto de legalización da piscina
 - c.- Impoñer ao Sr. [REDACTED] como responsable dunha infracción grave a sanción de 6001€.

4.- O interesado presenta alegacións a dita proposta, con data 16 de agosto de 2010.

5.- Con data 22 de novembro de 2010 a Xunta de Goberno Local confirma a proposta da Asesoría Xurídica, recorrendo en reposición por Don [REDACTED]. Dito recurso non foi resolto.

6.- Solicita licenza de obras para legalizar a piscina e se lle concede pola Xunta de Goberno Local con data 25 de novembro de 2013.

7.- Solicita licenza con data 5 de maio de 2015 para substitución de cuberta de tella no galpón afectado pola orde de demolición, que foi denegada.

Observamos que pasaron 5 anos desde a orde de demolición sin que esta se levara a cabo.

8.- Acredítase que a pesar da denegación da solicitude de licenza de obra de cambio de cuberta esta se levou a cabo o que xustificou a incoación dun novo expediente de reposición da legalidade.

Descoñecemos cal foi o resultado de este expediente pois tería que estar xa finalizado, e rogámoslle que nos informe sobre este extremo.

9.- Indícanos que na actualidade queda por responder o recurso de reposición.

Deducimos da información recibida unha clara inacción por parte da administración municipal que lle atribúe á moita carga de traballo do asesor xurídico, razón que non xustifica, na nosa opinión, a situación á que se chegou.

Dado o tempo transcorrido desde a súa primeira denuncia, case 10 anos, sen que fora resolto o problema motivo da queixa, obras non legalizables, a pesar dos acordos municipais ordenando a demolición, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a súa administración municipal a seguinte

Recomendación:

“Que se resolva o recurso de reposición presentado por Don [REDACTED] ante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2010 mediante unha resolución expresa, motivada e notificada, tanto a don [REDACTED] como a dona [REDACTED] [REDACTED] có ofrecemento dos oportunos recursos e se continúe o procedemento ata a súa finalización coa efectiva demolición, de ser o caso, da obra declarada non legalizable”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo